

CENTRO: C.E.I.P. “Mar de Fóra” Fisterra

CICLO: 4º de Educación Infantil.

TITORA: M^a José Vázquez Fernández

COMPOSICIÓN DO EQUIPO

- Mateo Robles. Especialista en Educación Musical.
- Ignacio Delgado. Especialista en Educación Religiosa.
- Marta Vázquez. Especialista en Audición e Linguaxe.
- Ana Gómez. Especialista en inglés.
- Jacobo Trillo. Psicomotricidade

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL		
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación
Coñecer progresivamente o seu corpo; identifica-las súas características fundamentais e algúns dos segmentos e elementos que o forman.	Recoñeceremos e representaremos o noso corpo na súa globalidade e as diferentes partes.	Coñecer algúns elementos e segmentos que forman o corpo.
Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades, preferencias..., sendo capaz de denominalos, expresalos e comunicarllelos ós demais.	Identificaremos e manifestaremos os nosos sentimentos, vivencias e emocións comprendendo as dos demais.	Respecta-los sentimentos, emocións, necesidades, preferencias... nosas e dos demais.
Desenvolver un control progresivo do seu corpo e adapta-las súas posibilidades motrices e posturais ás diversas situacións da actividade cotiá.	Traballaremos para controlar e coordinar o noso corpo e as súas posibilidades motrices adaptándonos ás características dos obxectos e na vida cotiá.	Controlar progresivamente as posibilidades motrices e posturais do corpo.
Adquirir hábitos relacionados coa hixiene e coa alimentación de maneira que se fai gradualmente autónomo nos ambientes onde desenvolve a súa actividade.	Adquiriremos hábitos e rutinas para a vida diaria: ir ao baño, lavar as mans e outros hábitos de hixiene e coidado persoal, respectando e coidando espazos.	Adquirir hábitos relacionados coa hixiene e coa alimentación.

<p>Identifica-las sensacións e percepcións do propio corpo de forma que lle permitan controla-las súas necesidades básicas; utiliza-los sentidos como medio para explora-lo seu corpo e o seu medio próximo.</p>	<p>Recoñeceremos os sentidos e identificaremos as percepcións e sensacións que nos entran a través dos mesmos.</p>	<p>Controla-las necesidades básicas do corpo.</p>
<p>Progresar cada vez máis na coordinación óculo-manual necesaria para as actividades motrices de carácter fino, e mellora-la precisión dos seus movementos.</p>	<p>Participaremos en xogos e actividades motrices mostrando destrezas motoras e habilidades motrices aceptando as normas que os rexen</p>	<p>Mellorar na coordinación óculo-manual e amosar destrezas e habilidades manipulativas nos xogos.</p>
<p>Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</p>	<p>Desenvolveremos a nosa autonomía e iniciativa tratando de desenvolver as tarefas por nós mesmos/as.</p>	<p>Adquirir hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</p>

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación
Empezar a coñece-los cardinais 1, 2 e 3, relacionando a cantidade coa súa grafía.	Empregaremos os números vivenciados dentro da vida cotiá, achegándonos á identificación da súa grafía.	Coñece-los tres primeiros cardinais.
Identificar e recoñece-la forma circular, cadrada e triangular.	Exploraremos e clasificaremos os elementos e obxectos que nos rodean para recoñecer as súas calidades, atributos e posicións.	Identifica-lo círculo, o triángulo e o cadrado.
Iniciarse no coñecemento lóxico-matemático a través da manipulación e observación dos obxectos, descubriendo algunhas das súas propiedades.	Propoñeremos e resolveremos problemas sinxelos relacionados coas nosas actividades cotiás.	Utiliza-la serie numérica para contar.
Interpretar situacións e feitos significativos do seu medio amosando interese polo seu coñecemento.	Ordenaremos temporalmente feitos da nosa vida cotiá.	Resolve-las situacións conflitivas que aparecen na vida cotiá.
Observar animais e plantas próximos a el, e descubrir algunhas características e cambios que se producen nos seus ciclos vitais.	Observaremos os cambios que se producen no medio e aprenderemos a respectalo e conservalo.	Identificar cambios que se producen no medio relacionados co clima.

<p>Coñece-las características da súa casa e da escola: espazos e obxectos presentes nelas; así como os nomes da familia e dos membros da comunidade educativa.</p>	<p>Coñeceremos o nome das distintas persoas da comunidade educativa importante para a nosa vida cotiá na escola.</p>	<p>Coñecer algunhas características da súa casa, da súa familia e da escola.</p>
<p>Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.</p>	<p>Recoñeceremos tradicións propias da nosa zona e participaremos activamente na súa celebración: o Magosto, o Samaín, o Nadal, o Entroido</p>	<p>Coñecer algúns sinais de identidade da nosa cultura presente na súa vida cotiá.</p>

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN		
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación
Emprega-la linguaxe oral como medio de comunicación cos outros; pronunciará, articulará e expresarse de forma cada vez máis clara.	Empregaremos a lingua oral de modo conveniente para unha comunicación positiva tanto con iguais como con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	Comunicarse a través da linguaxe oral.
Participar de forma cada vez máis activa nas situacións de transmisión oral e respecta-las normas que rexen o intercambio lingüístico.	□ Traballaremos para comprender mensaxes orais diversas mostrando actitudes de escoita con diferentes propostas de xogos lingüísticos.	Discriminar sons.
Iniciarse na produción e na interpretación de textos sinxelos	□ Amosaremos interese por textos escritos relacionados coa nosa vida cotiá (folletos, contos, rimas...)	Iniciarse na comprensión e na interpretación de textos.
.Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura e valoralas como instrumentos de comunicación, información e gozo.	Gozaremos compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos, poemas, adiviñas.... lidos na clase.
Utilizar algunhas técnicas e recursos da expresión corporal, musical e dramática para ampliar as súas posibilidades comunicativas e desenvolve-la creatividade.	Expresarémonos empregando diversos medios, materiais e técnicas de diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	Participar na interpretación e na representación de cancións.

<p>Empregar e coñecer adecuadamente os útiles da actividade plástica</p>	<p>Gozaremos coas nosas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas das mesmas.</p>	<p>Utilizar recursos e técnicas da expresión plástica.</p>
<p>Comprende-las mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...), e entende-la importancia e a necesidade de utilizalo</p>	<p>Empregaremos linguaxes audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación para expresarnos e comunicarnos.</p>	<p>Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propias da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.</p>

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Observación diaria do traballo a través do diario de aula. - Rexistro temporal das tarefas recibidas a través da familia. - Material elaborado pola titora para traballar na aula e rexistrado nas súas gavetas. - Observación no xogo simbólico. - Interese mostrado nas narracións e escoita feitos por outras persoas. -Rexistro de participación en actividades de expresión plástica a través de diversos traballos manuais. -Rexistro diario de quendas de xogos interactivos na pizarra dixital.
Cualificación final	Na avaliación terase en conta o proceso máis que o resultado final. Será unha avaliación cualitativa que reflecta como vai desenvolvendo o alumno/a as súas capacidades e competencias, tendo en conta o feito nos dous primeiros trimestres deste curso así como o feito on-line.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades son basicamente de repaso e reforzo do traballado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>As actividades foron comunicadas a familia por medio da telefonía móvil.</u>
Materiais e recursos	<u>Imaxes para colorear</u> <u>Láminas de traballo</u> <u>App`s educativas</u> <u>Xogos</u> <u>Actividades plásticas</u>

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase a través da páxina do cole e do teléfono móvil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.